

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA E VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN

En Santiago de Compostela a, 25 de febreiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte D. **Antonio López Díaz**, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, nomeado segundo o Decreto 57/2018, do 31 de maio, (DOG núm. 106, do 5 de xuño) de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 82 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro (DOG núm. 29, do 12 de febreiro). Con enderezo na Praza do Obradoiro, s/n, Santiago de Compostela, A Coruña,

doutra parte D. **Julio Ernesto Abalde Alonso**, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 1/2016, do 8 de xaneiro, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 36.1.f dos Estatutos da Universidade de A Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG n.º 100, do 26 de maio) e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG n.º 201, do 17 de outubro). Con enderezo na rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña;

doutra parte D. **Manuel Joaquín Reigosa Roger**, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto 59/2018, do 31 de maio, (DOG núm. 109, do 8 de xuño), de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro (DOG núm. 21, do 2 de febreiro). Con enderezo en Edificio Reitoría, campus universitario, 36310 Vigo,


doutra, **Dña. Sonia Rodríguez-Campos González**, Directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG nº 134 do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo;

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o seguinte Convenio de Colaboración, e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

SEGUNDO. - Que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.





TERCEIRO.- Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ao desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

Que a Universidade de A Coruña é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ao desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

Que a Universidade de Vigo é unha institución de Dereito Público, dotada de personalidade xurídica que desenvolve as súas actividades en réxime de autonomía e que ten como unha das súas misións fundamentais o apoio científico e técnico ao desenvolvemento cultural, social e económico, xa sexa nacional ou internacional, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

CUARTO.- Que todas as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións, establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador a través do presente convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose todas as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.


O obxecto deste convenio entre a EGAP, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, é a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes co gallo de procurar unha máis eficaz e eficiente utilización dos recursos de cada unha delas, para o mellor cumprimento dos fins que teñen asignados.

SEGUNDA.- Actuacións.

A EGAP e a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo (en diante as Universidades), en virtude do disposto neste convenio, poderán colaborar en actividades relacionadas coa formación, divulgación e investigación no ámbito das súas competencias.

As modalidades de colaboración poderán consistir en:

a) Realización conxunta de cursos de formación continua, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación sobre temas de actualidade e interese relativos á Administración e ao seu funcionamento. Á primeira modalidade formativa terá acceso o persoal de administración e servizos das Universidades asinantes. Ás demais actividades, incluídos os cursos de verán que se convoquen ao abeiro deste convenio, tamén terán acceso, ademais do devandito persoal, os empregados públicos das Administracións galegas, os demais





membros da comunidade universitaria- profesores e alumnos- así como as persoas interesadas en xeral.

b) Edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. As Universidades comprométese a remitir á EGAP un exemplar das súas publicacións periódicas e esta comprométese a remitir un exemplar das súas publicacións á Biblioteca daquelas, para a súa difusión.

c) Promoción da actividade investigadora das partes asinantes mediante proxectos de investigación conxuntos.

d) Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Dereitos e obrigas.

1. A EGAP e as Universidades adquiren os seguintes dereitos e compromisos:

1º. Todas as partes:

a) Participar economicamente na cobertura dos gastos derivados dos cursos de verán convocados ao abeiro deste convenio.

b) Poñer a disposición as súas instalacións, os seus medios telemáticos e os seus medios persoais e materiais.

c) Abrir as convocatorias dos cursos de verán derivados deste convenio ao persoal das restantes partes asinantes, mediante a reserva das cotas que se determinen por acordo da Comisión Mixta de Seguimento do Convenio.

d) Difundir as actividades formativas das partes asinantes facilitando o desenvolvemento dos cursos a través dos medios telemáticos ou mediante a utilización das aulas da súa titularidade.

e) Colaborar na difusión dos premios de investigación convocados polas partes asinantes. A este fin o ente convocante ou patrocinador facilitará toda a información precisa así como a propia convocatoria do galardón de que se trate.

f) Intercambiar información relativa ao seu persoal aos únicos efectos de facilitar a selección para a participación daquel nas accións formativas derivadas deste convenio, mediante o procedemento que se estableza por acordo da Comisión Mixta de Seguimento e no que se dea cumprimento ás exixencias contidas na normativa vixente en materia de protección de datos.

2º. As Universidades:

a) Recoñecer para o alumnado os créditos ECTS correspondentes en función da duración das xornadas ou cursos, conforme o que establece o seu regulamento.

A tal efecto, a EGAP solicitará con carácter previo ás Universidades as actividades susceptibles de recoñecemento de acordo co procedemento establecido por estas. A EGAP





fará constar este recoñecemento en toda a publicidade e difusión das xornadas e dos cursos.

b) Organizar os cursos de verán que se deriven deste convenio.

3º. A EGAP:

a) Costear as accións formativas que se deriven deste convenio nas cantidades ás que se refire a cláusula quinta.

b) Reservar para o persoal de administración e servizos das Universidades un 10% do total de prazas ofertadas dentro do portal de idiomas e do plan formativo ofimático que prevea o seu plan de formación anual así como das incluídas nos cursos ofertados en materia de igualdade e violencia de xénero que se determinen.

c) Dar acceso ao devandito persoal ao programa de autoformación incluído no seu plan de formación anual.

2. As partes asinantes definirán as accións formativas concretas que se convocarán ao abeiro deste convenio, que serán reflectidas nunha addenda a este e poderán acordar que a colaboración se estenda á realización de cursos e xornadas ao marxe do Plan Anual de formación da EGAP, sempre e cando versen sobre temas de actualidade e interese relativos á Administración e ao seu funcionamento.

CUARTA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento.

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, o seguimento, a interpretación e a avaliación das accións derivadas deste convenio.


Nesta comisión actuarán como representantes por parte da EGAP, a persoa responsable da secretaría xeral e un xefe ou xefa de servizo da mesma que designe a súa directora, ou persoas en quen deleguen; e por parte do resto de entes asinantes dúas persoas en representación de cada unha.

Serán funcións desta Comisión Mixta de seguimento:

- 1.- Velar polo cumprimento do convenio.
- 2.- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas deste convenio.
- 3.- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- 4.- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- 5.- En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, lle atribúe o órgano de vixilancia e control.

QUINTA.- Orzamento.

Nos cursos incluídos no Plan Anual de Formación da EGAP, incluídos os do plan formativo ofimático, portal de idiomas e formación en materia de igualdade e violencia de xénero, aos que terá acceso o persoal das Universidades, a EGAP:





- Financiará os custos dos cursos de formación continua coa achega do importe que se acorde e que será reflectido nunha addenda ao convenio.
- Colaborará economicamente na financiación dos cursos de verán coa achega do importe que se acorde e que será reflectido nunha addenda ao convenio.

SEXTA.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a EGAP.

SÉTIMA.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual.

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta da EGAP e do resto de entes asinantes.

As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder a edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato o soporte, do resultado e dos materiais froito do desenvolvemento do proxecto.

OITAVA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio.

As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará ás outras para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

NOVENA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.


Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas, polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto polas normas de dereito privado.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire a publicidade deste convenio

De conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do sector público autonómico, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

DÉCIMA.- Consentimento das partes en materia de protección de datos.

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mailo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.





Así mesmo as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas deste consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

UNDÉCIMA.- Vixencia.

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2019.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por cuaduplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Pola Universidade de Santiago de
Compostela,



D. Antonio López Díaz

Pola Universidade da Coruña,



D. Julio Ernesto Abalde Alonso

Pola Universidade de Vigo,



D. Manuel Joaquín Reigosa Roger

Pola Escola Galega de Administración Pública,



Dna. Sonia Rodríguez-Campos González